

PROVIDENCIA DE INICIO DO EXPEDIENTE

Tendo solicitada axuda ao abeiro da *Orde do 7 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) (código de procedemento TR351F) (DOG núm. 21 do 1 de febreiro de 2022)*, e vista a resolución da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de data 1 de xuño de 2022,

DISPOÑO:

- Incóese expediente para a contratación de 2 persoas desempregadas, para postos de peón, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.
- O contrato a formalizar será a xornada parcial do 75%, por un período de 9 meses, para a realización de tarefas de limpeza e mellora de espazos públicos e de recuperación medioambiental, co obxecto de porporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para a súa inserción laboral.
- Incorpórense ao expediente as bases de selección que garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade, o preceptivo certificado de existencia de crédito e demais documentación complementaría prevista na Lei.

Documento asinado electronicamente.

